

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €
Al semestre.....24,04 €
Mas gastos de envío
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas 1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

Delegación Provincial de Lugo

Resolución do 4 de xullo de 2007 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte:IN407A 2007/17-2)- 6845-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: BEGASA
- Enderezo social: CIDADE VIVEIRO, 4, 27002 LUGO
- Denominación: ADECUACIÓN DO CT JOSÉ ANTONIO (8378) E RBTS PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO EN R/GALICIA, 21
- Situación: VILALBA
- Descricións técnicas:
 - ADECUACIÓN DO CT JOSÉ ANTONIO CONSISTENTE NA SUSTITUCIÓN DO TRANSFORMADOR ACTUAL DE 400 KVA POR UN DE 630 KVA, E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V, SUSTITÚENSE ASIMISMO OS FUSIBLES DA CELA DE PROTECCIÓN E OS DO CADRO DE BAIXA ADECUADOS A NOVA POTENCIA.
 - RBT SOTERRADA PARA SUMINISTRO EN R/GALICIA, 21 CON ORIXE NO CT JOSÉ ANTONIO EN CONDUCTOR TIPO RV, CUNHA LONXITUDE DE 65 METROS.

Cumplido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

AUTORIZAR E APROBA-LO PROXECTO DE EXECUCIÓN das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo de un mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 4 de xullo de 2007.- O DELEGADO PROVINCIAL, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 03907

Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONES LABORAIS

CONVENIOS COLECTIVOS

Exp. 014-2007 (Código 2700015)

Visto o texto do convenio colectivo para o sector "DISTRIBUCIÓN DE BUTANO DE LUGO", asinado o día 19 de xuño de 2007, pola representación da

Asociación Provincial de Empresarios de Distribución de Butano de Lugo e das centrais sindicais C.I.G. (50%), U.G.T. (50%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 10 de xullo de 2007.- O DELEGADO PROVINCIAL, José Miguel Vázquez Calvo.

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE DISTRIBUCIÓN DE BUTANO DE LUGO

I.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

ARTIGO 1º. ÁMBITO FUNCIONAL. O presente convenio de Distribución de Butano será de aplicación para todas as empresas cuxa actividade rexa as súas relacións de traballo pola Ordenanza Laboral de Butano, SA, e Axencias Distribuidoras, publicada no BOE de 8-VIII-1974.

ARTIGO 2º. ÁMBITO PERSOAL. Quedan comprendidos neste convenio todos os traballadores das empresas incluídas no seu ámbito funcional coa excepción dos menores de 16 anos, dos que queda prohibida a súa contratación.

ARTIGO 3º. ÁMBITO TERRITORIAL. As disposicións do presente convenio rexerán para as empresas de Lugo e provincia, incluídas, no ámbito funcional e persoal, aos seus traballadores, e para aquelas outras que tendo un domicilio noutra provincia os seus traballadores presten servizos nesta.

Así mesmo, quedan obrigadas cantas empresas podan constituirse nun futuro na provincia de Lugo e queden enmarcadas no ámbito funcional do presente texto.

ARTIGO 4º. VIXENCIA DURACIÓN E DENUNCIA. O presente convenio ten vixencia dende o 1 de xaneiro de 1999 e ata o 31 de decembro de 2008; sendo preceptiva a denuncia por algunha das partes, cunha antelación mínima dun mes á data de caducidade. Para a percepción de atrasos estarase ao determinado na cláusula adicional primeira do presente texto.

ARTIGO 5º. COMISIÓN MIXTA PARITARIA. Constitúese unha Comisión Mixta Paritaria entre as partes asinantes deste Convenio Colectivo, composta por dous asinantes de cada parte (1 da CIG, 1 de UGT e 2 da Representación Empresarial). Esta comisión cumprirá as funcións de aplicación do pactado, así como de

interpretación e seguimento. En caso de non chegarse a acordo na comisión, ambas partes sométense á competencia do SMAC e da xurisdición competente.

II.- TEMPO DE TRABALLO

ARTIGO 6º. XORNADA. A xornada laboral durante a vixencia do presente convenio será de 40 horas semanais.

Independentemente do anterior, os días 24 e 31 de decembro, atendendo á súa especial significación, redúcese a xornada efectiva de traballo de acordo cos seguintes criterios:

A xornada de traballo efectuarase entre as 9 e as 15 horas, cun descanso intermedio de 15 minutos que se considerará para todos os efectos como efectivo de traballo.

Esta redución horaria non será susceptible de recuperación noutras xornadas nin de compensación mediante a redución retributiva.

ARTIGO 7º. VACACIÓNS. Os traballadores afectados polo presente convenio disfrutarán 30 días de vacacións anuais con independencia da súa categoría e antigüidade.

As vacacións se disfrutarán preferentemente nos meses de maio a setembro, quedando excluídas desta previsión aquelas empresas que, por desenvolver a súa actividade en zonas eminentemente turísticas, teñan unha acumulación de tarefas no período sinalado.

ARTIGO 8º. LICENZAS RETRIBUÍDAS. As empresas afectadas polo presente convenio concederán obrigatoriamente licenzas retribuídas como realmente traballadas aos seus operarios nos seguintes casos:

a).- Casamento do traballador: 20 días naturais ininterrompidos.

b).- Nacemento dun fillo: 3 días naturais, ampliables a cinco en caso xustifico.

c).- Enfermidade grave do cónxuxe: 3 días laborais que poderán ser prorrogados discrecionalmente pola dirección da empresa.

d).- Enfermidade grave de fillos e pais: 3 días naturais.

e).- Pasamento do cónxuxe: 5 días naturais.

f).- Pasamento de pais, avós, tíos, fillos : 4 días naturais.

g).- Pasamento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención quirúrgica sen hospitalización que precise reposo domiciliario, de parentes ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade: 2 días. Cando con tal motivo o traballador precise facer un desprazamento o prazo será de 4 días.

h).- Traslado do domicilio habitual: 1 día.

i).- Cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal, incluído o exercicio do sufragio activo: polo tempo indispensable.

j).- Realización de exames prenatais e técnicas de

preparación ó parto que teñan que realizarse dentro da xornada de traballo: polo tempo indispensable.

k).- Lactancia de fillo menor de 9 meses: 1 hora de ausencia ó traballo, que poderá dividirse en dous fraccións. A muller poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora ca mesma finalidade. Este permiso poderá ser disfrutado indistintamente pola nai ou polo pai no caso de que ambos traballen.

l).- Nacemento de fillos prematuros ou que deban permanecer hospitalizados a continuación do parto: o pai ou a nai terán dereito a ausentarse do traballo durante 1 hora. Asimesmo terán dereito a redución da xornada de traballo ata un máximo de 2 horas ca diminución proporcional do salario.

ll).- O tempo necesario nos casos de asistencia a consulta do médico de cabecera da Seguridade Social sempre que coincida o horario de consulta co do traballo, debendo presentalo traballador ó empresario xustificante de ter asistido á consulta. Igualmente o tempo necesario nos casos de asistencia a consulta médica de especialista da Seguridade Social cando, coincidindo o horario de consulta co do traballo, se prescriba dita consulta polo facultativo de medicina xeral, debendo presentalo traballador o volante xustificativo da referida prescripción médica.

m).- Asuntos propios: 2 días, que non serán acumulables a vacacións nin festivos e que haberán de solicitarse, como norma xeral, con 7 días de antelación á data en que se pretenda o disfrute. Sen perxuízo de que non será preciso alegar razóns para solicitar esta licenza nin presentar xustificación algunha, a licenza de días de asuntos poderá denegarse motivadamente pola empresa en base a necesidades organizativas tales como que haxa traballadores de baixa ou vacacións ou coincidir co período de mais actividade na empresa.

A maiores, co fin de posibilitar o disfrute dos traballadores adicados a actividade de distribución de Butano do 1 de xullo, festa patronal do sector, entenderase tal xornada como licenza retribuída.

Nos supostos non previstos neste artigo estarase ao disposto no texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 9º. EXCEDENCIAS.

a) Excedencia voluntaria.- De conformidade co establecido no artigo 46 do Estatuto dos Traballadores o persoal afecto polo presente convenio que conte cunha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo no menor a 4 meses e no maior a 5 anos. Este dereito non poderá ser exercitado ata transcorridos catro anos dende o remate da última excedencia.

b) Excedencia por coidado de fillos ou parentes.- Do mesmo xeito o persoal terá dereito a un período de excedencia non superior a tres anos para atender ao coidado de cada fillo natural ou adoptivo, así como por acollemento, a contar dende a data do nacemento ou, no seu caso, da resolución judicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, non superior a 2 anos, os traballadores para atender ó coidado dun parente ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, no poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

As excedencias contempladas neste apartado poderán disfrutarse de xeito fraccionado, serán computables a efectos de antigüidade e dan lugar a reserva do posto de traballo durante o primeiro ano (15 meses no caso de familia numerosa de categoría xeral e 18 meses no caso de familia numerosa de categoría especial); transcurridos ditos prazos, a reserva queda referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

c) Excedencia por exercicio de funcións sindicais de ámbito provincial ou superior.- Así mesmo poderán solicitar a situación de excedencia os/as traballadores/as que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

ARTIGO 10º. SUSPENSIÓN DO CONTRATO POR PATERNIDADE. Nos supostos de nacemento de fillo, adopción ou acollemento, o traballador terá dereito á suspensión do contrato durante 13 días ininterrumpidos, ampliables no caso de parto, adopción ou acollemento múltiple a 2 días mais por fillo a partir do segundo.

Esta suspensión é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade, poderá ser disfrutada en réximen de xornada parcial previo acordo entre empresario e traballador e dará dereito e dará dereito ó cobro do subsidio ou prestación económica por paternidade, a aboar por el INSS, nos termos legalmente previstos.

III.- RETRIBUCIÓNS

ARTIGO 11º. INCREMENTO SALARIAL. O incremento salarial para cada un dos anos de vixencia do convenio será o que a continuación se indica:

1999: 2,9% sobre as táboas do ano 1998

2000: 4% sobre as táboas do ano 1999

2001: 2,7% sobre as táboas do ano 2000

2002: 4% sobre as táboas do ano 2001

2003: 2,6% sobre as táboas do ano 2002

2004: 3,2% sobre as táboas do ano 2003

2005: 3,7% sobre as táboas do ano 2004

2006: 2,7% sobre as táboas do ano 2005

2007: 2% sobre as táboas do ano 2006 [incremento inicial]

2008: IPC previsto polo goberno para o ano 2008 sobre as táboas, no seu caso revisadas, do ano 2007 [incremento inicial]

ARTIGO 12º. CLÁUSULA DE REVISIÓN. Estabrécese, para o ano 2007, unha cláusula de revisión de xeito que, no suposto de que o IPC real estatal

a 31 de decembro de 2007 rexistrase un incremento, con relación á mesma data de 2006, superior ao 2%, efectuarase unha revisión salarial sobre os conceptos da táboa salarial do ano 2007 igual ao exceso da indicada cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2007.

Da mesma forma establécese, para o ano 2008, unha cláusula de revisión de xeito que, no suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2008 rexistrase un incremento, con relación á mesma data de 2007, superior ao IPC previsto polo Goberno para o 2008, efectuarase unha revisión salarial sobre os conceptos da táboa salarial do ano 2008 igual ao exceso da indicada cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2008.

ARTIGO 13º. SOLDADO BASE. Para cada un dos anos de vixencia do Convenio, os salarios base, segundo categoría, quedan establecidos de acordo coas táboas salariais anexas, que recollen os incrementos do artigo 10º para cada un dos anos de vixencia.

ARTIGO 14º. PLUS DE TRANSPORTE. Todos os traballadores afectados polo presente convenio percibirán, en concepto de plus de transporte, a cantidade que, para cada un dos anos de vixencia, se establece nas táboas salariais anexas, que recollen os incrementos do artigo 10º para cada un dos anos.

Ós efectos anteriores, se sinala en cada táboa salarial, o importe do plus de transporte por día efectivo de traballo, e asimismo a cuantía mensual mínima do plus de transporte para o operario sen faltas de asistencia ao traballo inxustificadas.

Establecese o seguinte cadro de penalizacións:

- Por dúas faltas inxustificadas, perderase o plus de tres días.
- Por catro faltas inxustificadas, perderanse 7 días de plus.
- Por cinco faltas inxustificadas, perderase todo o plus de transporte dun mes.

O plus de transporte percibirase por todos os traballadores calquera que sexa o desprazamento a realizar dende o seu domicilio dentro do municipio ao centro de traballo e os medios de transporte utilizados.

ARTIGO 15º. PLUS DE ASISTENCIA E ACTIVIDADE. Todos os traballadores afectados polo presente convenio percibirán, en concepto de plus de asistencia e actividade, a cantidade que, para cada un dos anos de vixencia, se establece nas táboas salariais anexas, que recollen os incrementos do artigo 10º para cada un dos anos.

Ós efectos anteriores, se sinala en cada táboa salarial o importe do plus de asistencia e actividade por día efectivo de traballo.

En calidade de plus de actividade, para ser percibido por aqueles que teñan baixo a súa responsabilidade directa o reparto de butano, estes terán que repartir na xornada laboral correspondente a 1 día a cantidade de

70 bombonas tipo familiar, en entrega domiciliaria.

Para que a empresa poida esixir tal rendemento no traballo terá que selo en condicións óptimas, tanto no referido a climatoloxía, estado do vehículo, estado do operario, así como tampouco poderá ser esixido cando as causas que motivan un reparto inferior ao aquí pactado sexa por causas alleas ao traballador.

O plus de asistencia e actividade será percibido durante as vacacións e todas as pagas extras e durante a situación de I.T.

ARTIGO 16º. PLUS DE LONGO PERCORRIDO. Aqueles condutores que realicen distancias superiores a 25 quilómetros, percibirán un plus de longo recorrido na cuantía mensual que, para cada un dos anos de vixencia, se establece nas táboas salariais anexas, que recollen os incrementos do artigo 10º para cada un dos anos.

ARTIGO 17º. PLUS QUEBRANTO DE MOEDA. Aqueles traballadores que efectúen operacións monetarias por encargo da empresa terán unha compesación económica mensual en concepto de quebranto de moeda na cuantía que, para cada un dos anos de vixencia, se establece nas táboas salariais anexas, que recollen os incrementos do artigo 10º para cada un dos anos.

ARTIGO 18º. PAGAS EXTRAORDINARIAS. As percepcións salariais que teñen este carácter quedan fixadas, a partir deste convenio en tres coa contía seguinte:

As correspondentes ao 25 de xullo (Día da Patria Galega), e Nadal serán aboadas como unha mensualidade de 30 días cada unha de salario base, incrementándose tamén co plus de asistencia actividade e antigüidade.

En concepto de participación dos beneficios, as empresas aboarán a os seus traballadores, anualmente, dentro do primeiro trimestre do exercicio económico seguinte, o importe dunha mensualidade de salario base, incrementada co plus de asistencia de actividade e antigüidade.

IV.- ACCIÓN SOCIAL

ARTIGO 19º. XUBILACIÓN ESPECIAL ÓS 64 ANOS. Os traballadores con 64 anos cumpridos, incluídos no ámbito persoal deste convenio, que desexen acollerse á xubilación co 100% dos dereitos poderán facelo, quedando as empresas na obriga de contratar outro traballador perceptor das prestacións de desemprego a través de calquera das modalidades de contratación previstas na lexislación vixente en cada momento; exceptuaranse as contratacións a tempo parcial e as temporais terán unha duración mínima en calquera caso, superior a un ano e tendendo ao máximo legal respectivo.

ARTIGO 20º.- XUBILACIÓN PARCIAL. Ao amparo do artigo 166.2º da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6º do Estatuto dos Traballadores, reconócese ós traballadores o dereito a pasar a situación de xubilación parcial con redución da xornada, sempre que reúnan os requisitos, e idade e outros, legalmente esixidos.

Se o traballador que pretende a xubilación parcial conta entre 60 e 64 anos de idade, a empresa haberá de suscribir, simultaneamente á redución de xornada do xubilado, un contrato de relevo cun traballador desempregado ou cun traballador ligado á empresa por contrato temporal, para a substitución de aquél, a lo menos, na parte da xornada deixada vacante.

Os efectos de que a empresa poida cumprir cas súas obrigacións de modo axeitado, o traballador interesado na xubilación parcial haberá de comunicalo á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data efectiva de xubilación parcial.

O traballador xubilado parcialmente e a empresa poderán acordar a acumulación da parte da xornada na que o xubilado continúa a traballar. No caso de que o traballador se xubile cunha redución de xornada inferior ó 50% a acumulación terá lugar sempre que a empresa estea interesada nela.

ARTIGO 21º. PREMIO DE XUBILACIÓN. Os traballadores que na data da súa xubilación, leven prestados 10 anos de servizo na empresa terán dereito ó disfrute de vacacións retribuídas nas seguintes duracións:

- Aos 65 anos: 1 mensualidade.
- Aos 64 anos: 2 mensualidades.
- Aos 63 anos: 3 mensualidades.
- Aos 62 anos: 4 mensualidades.
- Aos 61 anos: 5 mensualidades.
- Aos 60 anos: 6 mensualidades.

ARTIGO 22º. BAIXA POR ENFERMIDADE OU ACCIDENTE. No caso de enfermidade do traballador, as empresas aboarán un complemento salarial entre o total do soldo base, antigüidade, máis o plus de asistencia e actividade e o percibido polo traballador na prestación correspondente ata completar o 100%. Esta medida será aplicada naqueles supostos nos que a enfermidade provoque a baixa do traballador por máis de 30 días naturais.

As baixas provocadas por accidente conlevarán o pago do 100% do salario bruto resultante dos conceptos establecidos no presente convenio, por parte desta, dende o 1º día. A empresa reservarase o dereito de comprobar mediante un médico que ela designe a realidade da situación da I.T., correndo pola súa conta tales comprobacións que se poderán efectuar cantas veces quixera.

No suposto de Incapacidade Temporal por maternidade en aplicación do disposto na Lei Xeral da Seguridade Social as traballadoras percibirán, dende o primeiro día e mentres subsista esta situación, o 100% da base reguladora.

ARTIGO 23º. SEGURO DE INVALIDEZ E MORTE POR ACCIDENTE DE TRABALLO. As empresas dotarán a tódolos traballadores afectados polo presente convenio dunha póliza de seguros, polos valores seguintes, independentemente das indemnizacións que puideran

corresponder:

- Por morte do traballador: 18.025 euros.
- En caso de que un accidente de traballo provoque a invalidez total ou absoluta do traballador: 24.035 euros.

O cobro da póliza asignada ó suposto de morte do traballador será percibido pola persoa ou persoas designadas por este con antelación.

Os incrementos na cobertura da póliza á que se fai referencia neste artigo con relación os importes do Convenio anterior, serán efectivos dende a formalización polas empresas das novas pólizas conforme ás novas cuantías. En todo caso as empresas disporán dun prazo de dous meses a partir da publicación do Convenio en boletín oficial para formalizar as novas contías.

V.- DISPOSICIÓN VARIAS

ARTIGO 24º. CONTRATACIÓN. No uso da posibilidade prevista na Lei 63/1997, no ámbito de aplicación do presente convenio poderanse concertar os contratos eventuais previstos no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995 cunha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18 meses. No caso de concertarse tales contratacións por prazo inferior a 12 meses, poderán ser prorrogados mediante acordo das partes, sen que a duración total do contrato poida exceder do dito límite máximo.

A posibilidade de concertar contratos eventuais dos previstos no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995 coa duración máxima prevista no presente artigo non poderá empregarse para os casos dos contratos concertados por tempo inferior a 12 horas semanais ou 48 horas mensuais.

ARTIGO 25º. ROUPA DE TRABALLO (INVERNO-VERÁN). As empresas entregarán aos traballadores a roupa de traballo necesaria para a realización dos traballos encomendados, segundo o seguinte criterio:

Dous equipos ao entrar na empresa e un máis cada catro meses.

Non obstante, tendo en conta as condicións climatolóxicas da zona na tempada de inverno, entre o 15 de setembro e o 30 de abril, as empresas dotarán aos seus operarios do material de traballo preciso e bastante para o seu desenvolvemento. Tal material será, como mínimo, un par de luvas, botas e traxe de augas, todo coas características de calidade, forma e cor esixidas legalmente.

ARTIGO 26º. CLASIFICACIÓN DO PERSOAL. A clasificación dos operarios afectados polo presente convenio será como segue:

a) Persoal administrativo, composto por : encargado xeral, encargado de almacén, xefe de negociado, oficial de primeira, oficial de segunda, auxiliar administrativo, cobrador.

b) Persoal operario: Conductor de camión pesado,

conductor de camión de reparto, mecánico-visitador, mecánico -instalador, conductor de carretilla elevadora, mozo de reparto, mozo de almacén, garda.

c) Persoal auxiliar: Limpadora.

Para aquelas funcións excluídas da presente clasificación, estarase ao disposto na regulamentación estatal de traballo aplicable

ARTIGO 27º. CONDICIÓN MÁIS BENEFICIOSAS. Manteranse as condicións máis beneficiosas nas empresas en canto superen, no seu conxunto, as especificadas neste convenio.

ARTIGO 28º. GARANTÍAS NO CASO DE RETIRADA DO CARNÉ DE CONDUCIR. O operario que desenvolve traballos de conductor, ou que teña que conducir para desempeñar o seu traballo, terá garantido, no caso que lle sexa retirado o carné de conducir e mentres dure a sanción, que se lle teña en excedencia forzosa (non motivando deste xeito causa xusta de despido).

Tal medida non se aplicará no suposto de que tal situación protexida sexa retirada, superior a un ano ou motivada por intoxicación etílica manifiesta.

ARTIGO 29º. CRÉDITO DE HORAS SINDICAIS. Os delegados de persoal, nas empresas de menos de cen traballadores, poderán dispoñer dun crédito de 16 horas sindicais cada mes para realizaren as tarefas que se sinalan no Estatuto dos traballadores, horas que serán retribuídas de acordo con esta lei, e dicir, como realmente traballadas.

ARTIGO 30º. TABOLEIRO DE ANUNCIOS. As empresas poñerán, en lugar visible para todos os traballadores, un taboleiro de anuncios a disposición dos delegados de persoal e dos sindicatos aos que pertencen para inserir o convenio colectivo, calendario laboral e demais temas de interese laboral e sindical.

ARTIGO 31º. COMISIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL. As partes asinantes deste convenio acordan constituír unha Comisión Paritaria de Formación Profesional, integrada por 2 representantes da central sindical asiante do convenio (CIG) e 2 representantes da Asociación Provincial de Empresarios de Distribución de Butano.

Serán funcións desta Comisión:

* Requirir das Administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con financiación oficial que afectan ao sector de Distribución de Butano, co fin de colaborar tanto nos que estean en marcha, como nos que se poden programar en diante.

* Elaborar estudos sobre necesidades para conseguir a homologación das cualificacións profesionais no sector para chegar a definir a organización e a súa programación, tanto ocupacional como regrada (observatorio ocupacional).

* Elaborar plans formativos necesarios para conse-

guir a homologación das cualificacións profesionais de traballadores técnicos, administrativos e manuais, cos seus equivalentes na Comunidade Económica coa entrada en vigor do Mercado Único.

* Cantas outras funcións a comisión se atribúa, orientadas ao desenvolvemento e mellora da Formación Profesional no sector na provincia de Lugo.

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA. Para o abonos atrasos derivados do presente convenio, e tendo en conta os anos xa transcurridos da súa vixencia, se establece o seguinte:

1. As empresas haberán de regularizar os salarios correspondentes ó ano 2007 –abonando os correspondentes atrasos- con efectos retroactivos do 1 de xaneiro deste ano, no prazo de dous meses a contar dende a publicación do Convenio no Boletín Oficial.

2. As empresas haberán de regularizar os salarios correspondentes ós anos 1999, 2000, 2001 e 2002 –abonando os correspondentes atrasos- antes de que finalice o ano 2007.

3. As empresas haberán de regularizar os salarios correspondentes ós anos 2003 e 2004 –abonando os correspondentes atrasos- antes de que finalice o ano 2008.

4. As empresas haberán de regularizar os salarios correspondentes ós anos 2005 e 2006 –abonando os correspondentes atrasos- antes de que finalice o ano 2009.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA. Cambio de ámbito de aplicación: Serán de aplicación as medidas previstas legalmente durante a vixencia do presente convenio, sendo preciso o acordo expreso de ambas partes asinantes para que o Convenio de Distribución de Butano Provincial de Lugo puidese verse afectado por un ámbito de aplicación maior ou menor.

CLÁUSULA ADICIONAL TERCEIRA. Compromiso de negociación. Ambas partes comprométese a renegociar no sucesivo, o presente convenio no primeiro trimestre posterior ao seu vencemento.

A partir do 1º de xaneiro de 2009, as empresas comprendidas no ámbito deste convenio, aboaran aos seus operarios un anticipo equivalente ao 1% dos salarios mensuais deste convenio, por conta dos incrementos que se pacten para 2009.

CLÁUSULA ADICIONAL COARTA.- AGA. As partes asinantes deste convenio consideran o Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) como a canle axeitada para a solución dos conflitos colectivos laborais.

TÁBOA SALARIAL 1999

Vixencia: 1 de xaneiro de 1999 ó 31 de decembro de 1999

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	21,17	766,10	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Encarregado Xeral	19,26	640,30	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Encarregado de Almacén	19,26	577,80	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Xefe de Negociado	18,84	666,20	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Oficial de 1ª	18,14	574,20	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Oficial de 2ª	18,31	540,30	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Auxiliar Administrativo	18,53	555,90	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Cobrador	16,34	490,20	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	25,17	755,10	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Conductor Reparto	19,26	577,80	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Mecánico Visitador	18,08	642,40	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Mecánico Instalador	18,99	566,70	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Conductor Carroliña	18,96	566,80	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Mozo de Reparto	17,40	522,00	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Mozo de Almacén	17,40	522,00	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Guarda	17,40	522,00	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82
Persoal Auxiliar							
Limpador	17,40	522,00	1,72	43,00	2,21	48,62	9,82

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2000

Vixencia: 1 de xaneiro de 2000 ó 31 de decembro de 2000

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	26,18	781,40	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Encarregado Xeral	22,47	674,10	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Encarregado de Almacén	20,03	600,90	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Xefe de Negociado	19,69	687,70	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Oficial de 1ª	19,91	597,30	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Oficial de 2ª	19,04	571,20	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Auxiliar Administrativo	19,27	578,10	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Cobrador	16,99	609,70	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	26,18	785,40	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Conductor Reparto	20,03	600,90	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Mecánico Visitador	18,80	664,00	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Mecánico Instalador	19,75	592,50	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Conductor Carroliña	19,72	591,60	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Mozo de Reparto	18,10	543,00	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Mozo de Almacén	18,10	543,00	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Guarda	18,10	543,00	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21
Persoal Auxiliar							
Limpador	18,10	543,00	1,79	44,75	2,30	50,56	10,21

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2001

Vixencia: 1 de xaneiro de 2001 ó 31 de decembro de 2001

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	26,89	806,70	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Encarregado Xeral	23,08	692,40	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Encarregado de Almacén	20,57	617,10	1,81	46,00	2,36	51,93	10,49
Xefe de Negociado	20,12	603,60	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Oficial de 1ª	20,45	613,50	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Oficial de 2ª	19,55	586,50	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Auxiliar Administrativo	19,79	593,70	1,81	46,00	2,36	51,93	10,49
Cobrador	17,46	523,60	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	26,89	806,70	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Conductor Reparto	20,57	617,10	1,81	46,00	2,36	51,93	10,49
Mecánico Visitador	19,31	579,30	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Mecánico Instalador	20,28	608,40	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Conductor Carroliña	20,25	607,50	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Mozo de Reparto	18,59	557,70	1,81	46,00	2,36	51,93	10,49
Mozo de Almacén	18,69	559,70	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Guarda	18,59	557,70	1,84	46,00	2,36	51,93	10,49
Persoal Auxiliar							
Limpador	18,59	557,70	1,81	46,00	2,36	51,93	10,49

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2002

Vixencia: 1 de xaneiro de 2002 ó 31 de decembro de 2002

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	27,97	839,10	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Encarregado Xeral	24,00	720,00	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Encarregado de Almacén	21,39	641,70	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Xefe de Negociado	20,92	627,60	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Oficial de 1ª	21,27	636,10	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Oficial de 2ª	20,33	609,90	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Auxiliar Administrativo	20,58	617,40	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Cobrador	18,16	544,60	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	27,97	839,10	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Conductor Reparto	21,39	641,70	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Mecánico Visitador	20,08	602,40	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Mecánico Instalador	21,09	632,70	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Conductor Carroliña	21,08	631,60	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Mozo de Reparto	19,33	579,90	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Mozo de Almacén	19,33	579,90	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Guarda	19,33	579,90	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91
Persoal Auxiliar							
Limpador	19,33	579,90	1,91	47,75	2,45	54,01	10,91

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2003

Vixencia: 1 de xaneiro de 2003 ó 31 de decembro de 2003

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	28,70	861,00	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Encarregado Xeral	24,62	736,60	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Encarregado de Almacén	21,95	658,50	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Xefe de Negociado	21,46	643,80	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Oficial de 1ª	21,02	654,60	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Oficial de 2ª	20,86	625,00	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Auxiliar Administrativo	21,12	633,60	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Cobrador	18,62	558,60	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	20,70	661,00	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Conductor Reparto	21,95	658,50	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Mecánico Visitador	20,60	618,00	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Mecánico Instalador	21,64	640,20	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Conductor Carroliña	21,61	640,30	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Mozo de Reparto	19,83	594,90	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Mozo de Almacén	19,83	594,90	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Guarda	19,83	594,90	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19
Persoal Auxiliar							
Limpador	19,83	594,90	1,96	49,00	2,51	55,41	11,19

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2004

Vixencia: 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2004

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	29,62	888,60	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Encarregado Xeral	25,41	762,30	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Encarregado de Almacén	22,65	679,50	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Xefe de Negociado	22,16	664,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Oficial de 1ª	22,52	675,60	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Oficial de 2ª	21,53	645,90	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Auxiliar Administrativo	21,80	654,00	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Cobrador	19,22	576,60	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	20,62	606,60	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Conductor Reparto	22,65	679,50	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Mecánico Visitador	21,26	637,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Mecánico Instalador	22,33	669,90	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Conductor Carroliña	22,30	669,00	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Mozo de Reparto	20,46	613,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Mozo de Almacén	20,46	613,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Guarda	20,46	613,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55
Persoal Auxiliar							
Limpador	20,46	613,80	2,02	50,50	2,59	57,18	11,55

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2005

Vixencia: 1 de xaneiro de 2005 ó 31 de decembro de 2005

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	30,72	921,60	2,09	62,25	2,69	59,30	11,98
Encarregado Xeral	26,35	790,50	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Encarregado de Almacén	23,49	704,70	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Xefe de Negociado	22,97	689,10	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Oficial de 1ª	23,35	700,50	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Oficial de 2ª	22,33	669,90	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Auxiliar Administrativo	22,61	678,30	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Cobrador	19,93	597,90	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	30,72	921,60	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Conductor Reparto	23,49	704,70	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Mecánico Visitador	22,05	661,50	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Mecánico Instalador	23,16	694,80	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Conductor Carroliña	23,13	693,90	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Mozo de Reparto	21,22	636,60	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Mozo de Almacén	21,22	636,60	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Guarda	21,22	636,60	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98
Persoal Auxiliar							
Limpador	21,22	636,60	2,09	52,25	2,69	59,30	11,98

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TABOA SALARIAL 2006

Vixencia: 1 de xaneiro de 2006 ó 31 de decembro de 2006

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	31,55	946,50	2,15	63,75	2,76	60,90	12,30
Encarregado Xeral	27,06	811,80	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Encarregado de Almacén	24,12	723,60	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Xefe de Negociado	23,59	707,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Oficial de 1ª	23,98	719,40	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Oficial de 2ª	22,93	687,90	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Auxiliar Administrativo	23,22	696,60	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Cobrador	20,47	614,10	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	31,55	946,50	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Conductor Reparto	24,12	723,60	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Mecánico Visitador	22,65	679,50	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Mecánico Instalador	23,79	713,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Conductor Carroliña	23,75	712,50	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Mozo de Reparto	21,79	653,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Mozo de Almacén	21,79	653,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Guarda	21,79	653,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30
Persoal Auxiliar							
Limpador	21,79	653,70	2,15	53,75	2,76	60,90	12,30

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

TÁBOA SALARIAL 2007

Vixencia: 1 de xaneiro de 2007 ó 31 de decembro de 2007

CATEGORÍA	S.B día	S.B. mes	P. Tte día	P. Tte mes	P. Asist y Act.	P. Longo Rec.	P. Quebranto
Persoal Administrativo							
Xefe de Persoal	32,18	965,40	2,19	64,75	2,82	62,12	12,55
Encarregado Xeral	27,60	828,00	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Encarregado de Almacén	24,60	738,00	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Xefe de Negociación	24,06	721,80	2,19	64,75	2,82	62,12	12,55
Oficial de 1ª	24,46	733,80	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Oficial de 2ª	23,39	701,70	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Auxiliar Administrativo	23,68	710,40	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Cobrador	20,88	626,40	2,19	64,75	2,82	62,12	12,55
Persoal Obreiro							
Conductor Camión Pesado	32,18	965,40	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Conductor Reparto	24,60	738,00	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Mecánico Visitador	23,10	693,00	2,19	64,75	2,82	62,12	12,55
Mecánico Instalador	24,27	728,10	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Conductor Carroillía	24,23	726,90	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Mozo de Reparto	22,23	666,90	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Mozo de Almacén	22,23	666,90	2,19	64,75	2,82	62,12	12,55
Guarda	22,23	666,90	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55
Persoal Auxiliar							
Limpador	22,23	666,90	2,19	54,75	2,82	62,12	12,55

Os pluses se cobrarán nos supostos e nas condicións que figuran no texto do Convenio.

SERVIZOS

R. 03828

Excma. Diputación Provincial**PUBLICIDAD DE ADJUDICACION DEFINITIVA DE CONTRATOS**

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 93.2 del R.D. Legislativo 2/2000 de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, se hace pública la adjudicación definitiva de los contratos que más adelante se relacionan:

Entidad adjudicataria: Excma. Diputación de Lugo

Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Planes y Contratación

Fecha de publicación del anuncio de licitación: B.O.P. nº 141, de fecha 20 de junio de 2007 y D.O.G. nº 119, de fecha 21 de junio de 2007.

Procedimiento: Abierto

Forma de Adjudicación: Concurso.

Nº EXPED. Y TÍTULO DE LA OBRA	PRSTO. DE	FECHA DE	CONTRATISTA	IMPORTE DE	
	LICITACION	ADJUDIC.		NACIONAL.	ADJUDICAC.
CONSERVACION ANUAL DE INCIDENCIAS Y REPARACION DE VIAS PROVINCIALES EN LOS AYUNTAMIENTOS DE MONFORTE Y POBRA DO BROLLON	175.014,88	12/07/2007	NIVEL 98, S.L.	ESPAÑOLA	166.264,14
CONSERVACION ANUAL DE INCIDENCIAS Y REPARACION DE VIAS PROVINCIALES EN LOS AYUNTAMIENTOS DE ALFOZ, CERVO, FOZ, XOVE Y O VALADOURO	176.253,47	12/07/2007	NIVEL 98, S.L.	ID	175.372,20
CONSERVACION ANUAL DE INCIDENCIAS Y REPARACION DE VIAS PROVINCIALES EN LOS AYUNTAMIENTOS DE RIBADEO, TRABADA, A PONTENOVA, MEIRA Y RIBEIRA DE PIQUIN	173.438,58	12/07/2007	U.T.E. ISIDRO OTERO, S.L. Y CAR-BALLEIRA, S.L.	ID	169.950,00